



**O deseñador Taber Calderón, co cartel premiado onte en Vigo**

## **Un traballo de Taber Calderón, deseñador de Nova York, gaña o VII Concurso de Cartelismo Francisco Mantecón**

Bodegas Terras Gauda entregoulle onte en Vigo o primeiro premio do Concurso Internacional de Cartelismo Publicitario Francisco Mantecón ao deseñador de Nova York Taber Calderón, que recibiu 10.000 euros en metálico. O gañador da VII edición do certame foi un dos 35 finalistas seleccionados polo xurado entre 1.400 obras recibidas de 60 países de todo o mundo. O seu cartel será a imaxe de Adegas Terras Gauda nos mercados internacionais. Taber Calderón, membro da asociación internacional AIGA, é experto en deseño de identidades corporativas e titular dun estudio de deseño gráfico en Nova York ■ E.P.